



INFORMACIÓN CONCILIA VERÁN 2022

O día 3 de xuño de 2022 abre o prazo para preinscribirse nas actividades do programa Concilia Verán 2022 que organiza a Concellería de Educación do Concello de Ourense e que vai dirixido a nenos e nenas da cidade, nados entre 2010 e 2018 (é imprescindible que cursen 4º de EI ata 6º de EP).

As actividades lúdico-educativas están orientadas cara á consecución de hábitos de vida saudables, actitudes solidarias e de convivencia e o respecto polo medio ambiente. Tamén haberá reforzo educativo nas áreas de matemáticas e linguas.

O horario será de luns a venres de 8.00 h a 14.30 h durante os meses de xullo e agosto e terán lugar nos seguintes espazos :

- 1. CEIP O COUTO- SÁS**
- 2. CEIP O COUTO- GRECO**
- 3. CEIP MANUEL LUIS ACUÑA**
- 4. CEIP VISTAHERMOSA**
- 5. CEIP IRMÁNS VILLAR**
- 6. CEIP AMADEO RODRÍGUEZ BARROSO**
- 7. CEIP AS MERCEDES**
- 8. CEIP COVADONGA na unidade EIROÁS**
- 9. CEIP MESTRE VIDE**
- 10. CEIP PRÁCTICAS- ANEXA**
- 11. AULA DA NATUREZA DO RÍO MIÑO (OIRA)**

*** A flexibilidade horaria para a entrada e a saída concretarase cos monitores e monitoras no propio centro o primeiro día das actividades.**



A asistencia será por quincenas (podendo seleccionar un máximo de 4, por orde de preferencia):

- Do 1 ao 15 de xullo.
- Do 18 ao 29 de xullo.
- Do 1 ao 12 de agosto.
- Do 16 ao 31 de agosto.

PREINSCRICIÓN

A preinscrición será exclusivamente en liña a través da páxina web www.educacionourense.es

O prazo será **do 3 de xuño ás 9. 00h ao 8 de xuño ás 24.00h.**

Unha vez se inscriban recibirán un correo electrónico cun código, que deberán conservar para comprobar as listas de admitidos/as.

O **13 de xuño** publicaremos a listaxe provisional de admitidos na mesma web e no taboleiro da Concellería (rúa da Canle 6).

FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA e DOCUMENTACIÓN: do 14 ao 20 de xuño de 2022 – presencial na Concellería de Educación

Só poderán formalizar a matrícula se aparecen na listaxe provisional de persoas admitidas (anularanse os ingresos bancarios feitos con anterioridade e perderase o dereito á praza).

Unha vez admitidos/as no listado provisional, deberán presentar a documentación **persoalmente** na Concellería de Educación (rúa da Canle nº 6) e formalizar a matrícula, de 9h a 14h.

Documentación obrigatoria a presentar no prazo estipulado:

1. Ficha de matrícula cumprimentada, asinada e con foto (descargar na web).
2. Xustificante do pagamento.
3. Copia da tarxeta sanitaria da persoa participante.
4. Condición de familia monoparental.
5. Documento que demostre que as figuras *parentais están en situación laboral activa (vida laboral, contrato...)
6. ***Só para alumnado de 4º curso de Educación infantil:*** copia do DNI ou certificado do centro escolar que acredite que realizou ese curso.



Unha vez recibida esta documentación e ao comprobar que todo sexa correcto, publicaremos a **listaxe definitiva de admitidos o 23 de xuño de 2022**.

Taxas: 10€ e 5 € (cada irmán/irmá)

Criterios de admisión:

- Requisito imprescindible estar empadroados no Concello de Ourense.
- Figuras parentais en activo.
- Orde de entrada en caso de empate.

***Criterios para a selección do alumnado de maior a menor puntuación:**

- Familias monoparentais en activo.
- Familias con ambas figuras parentais en activo.
- Familias monoparentais non activas.
- Familias cun soa figura parental en activo.
- Familias con ambas figuras parentais non activas.

Listaxe de agarda:

Xerarase unha listaxe de agarda co alumnado que non estea admitido. Unha vez completado o proceso da primeira adxudicación, porémonos en contacto telefónico se quedan prazas dispoñibles e formalizarían a matrícula.

Outras informacións de interese

- A Concellería de Educación resérvase o dereito a anular as actividades naquel centro que non reúna un grupo mínimo de nenos e nenas.
- As faltas de asistencia sen xustificar poderán supoñer a perda da praza.
- Se a documentación e a información aportada non fose certa, provocaría a perda da praza e do ingreso efectuado.
- Unha vez rematado o prazo de formalización de matrícula, se non está presentada, entenderase que renuncia.
- Recomendamos levar ás actividades: roupa cómoda, gorra, protección solar xa aplicada, auga e algo de comer.